

DECRETO DA ALCALDÍA DE APROBACIÓN DE BASES PARA A PROVISIÓN DE DOUS POSTOS DE TRABALLO A TEMPO PARCIAL, CON CARÁCTER DE LABORAL TEMPORAL, Ó ABEIRO DA ORDE DO 12 DE DECEMBRO DE 2017 DA CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA (RISGA 2018).

PROCEDEMENTO: *TR351F. SUBVENCÍONS PARA A CONTRATACIÓN TEMPORAL POLAS ENTIDADES LOCAIS DE PERSOAS EN SITUACIÓN OU RISCO DE EXCLUSIÓN SOCIAL PERCEPTORAS DA RISGA.*

Nº EXPEDIENTE: **TR351F 2018/32-5**

En Meis, D. JOSÉ LUIS PÉREZ ESTÉVEZ, Alcalde deste Concello, dicta a seguinte Resolución:

Vista a Resolución da Consellería de Economía, Emprego e Industria ó abeiro da *Orde do 12 de decembro de 2017 para a contratación temporal polas entidades locais de persoas en situación ou risco de exclusión social perceptoras da Risga*, o Concello de Meis pretende a contratación laboral temporal a tempo parcial de dous peóns para levar a cabo obras/servizos de interese xeral e de utilidade social competencia das entidades locais (código do procedemento TR351F).

Esta Alcaldía, no uso das atribucións que lle competen de acordo co artigo 21, g) da Lei reguladora das Bases do Réxime Local, **RESOLVE:**

- 1º. Aprobar as bases que rexerán a provisión, mediante concurso, de dúas prazas de peóns con carácter de laboral temporal a tempo parcial.
- 2º. Presentar a correspondente oferta de emprego na oficina de emprego de Cambados.

Documento asinado electronicamente á marxe.